

Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña Balonmán na Rúa.

A Deputación Provincial da Coruña convoca a **Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña Balonmán na Rúa** que se desenvolverá segundo as seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Participantes

Poderán participar todos os nenos/as de entre 6 e 11 anos empadroados en calquera concello da provincia da Coruña, que estean en posesión da correspondente licenza federativa para a tempada 2022, e que non exista sobre eles sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición.

Participarán agrupados/as en equipos dun máximo de 7 compoñentes e un mínimo de 5. Os equipos serán mixtos.

Participarán un total de vinte e catro equipos e mil oito deportistas, divididos en dúas categorías:

- Categoría A: nenos/as de 9, 10 e 11 anos. (alevín)
- Categoría B: nenos/as de 6, 7 e 8 anos. (Benjamin)

2.- Inscricións.

As inscricións para a participación na **Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña de Balonmán na Rúa** realizaránse a través da páxina web da Federación Galega de Balonmán (www.fgbalonman.es).

As inscricións para cada torneo realizaranse 15 días antes da celebración da proba, deixando os primeiros 5 días para que se realicen as inscricións locais e os seguintes 10 para completar o cupo de 24 equipos cos equipos de fora da localidade onde se celebre a proba.

Cuota de inscrición: será gratuita

Datos das inscricións:

Nome do club
Nome do/a responsable
Teléfono do/a responsable
Enderezo electrónico do/a responsable
Nome e apelidos dos/as integrantes do staff técnico
Data de nacemento dos/as integrantes do staff técnico
DNI dos/as integrantes do staff técnico
Teléfono dos/as integrantes do staff técnico
Nome e apelidos dos xogadores/as
Data de nacemento dos xogadores/as
Colexio dos/as xogadores/as
Localidade do club.

Así mesmo, incluírá a aceptación das normas de competición que regulan a competición e que non existe ningún impedimento deportivo ou legal para a súa participación na mesma.

Na ficha de inscrición a Federación incluíra a protección de datos, así como a posible cesión de datos a deputación sobre as imaxes fotográficas como audiovisuais dos eventos.

3.- Lugares e datas de celebración.

Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña de Balonmán na Rúa terá lugar nos seguintes concellos da provincia de A Coruña: Carballo, Ribeira, Ferrol, Arzúa, Cerceda, Muros e Camariñas, e celebrárase entre os meses de setembro de 2022 e abril de 2023.

Cada unha das 7 probas desenvolverase durante 3 días (de venres a domingo), cos horarios seguintes:

- Venres: de 17:00 a 21:40 horas.
- Sábado: de 10:00 a 21:40 horas.
- Domingo: de 10:00 a 19:40 horas.

*As datas previstas poderán ser modificadas, previa petición razoada e autorización da Deputación.

4.- Competición

A **Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña de Balonmán na Rúa** distribúese en seis probas máis unha fase final.

En cada proba haberá dúas categorías de 12 equipos mixtos en cada unha; en cada categoría haberá catro grupos de tres equipos onde se enfrontarán todos contra todos na fase de grupos; na xornada de domingo celebraranse os cuartos de final, as semifinais e as finais. Os primeiros clasificados de cada categoría terán dereito a xogar a fase final.

O sistema de competición de cada proba será de:

- 2 Categorias (A e B, en función da idade dos participantes).
- 4 grupos de 3 equipos por categoría.
- Fase de grupos na que xogarán todos contra todos a unha volta.
- Fase final con: cuartos de final, semifinais e final.

O primeiro clasificado de cada categoría clasificarase para a Fase Final.

O sistema de competición da Fase Final será de:

- 2 Categorias (A e B, en función da idade dos participantes).
- 2 grupos de 3 equipos por categoría.
- Fase de grupos na que xogarán todos contra todos a unha volta.
- Fase final con: semifinais e final.

Os partidos terán unha duración de 26', divididos en 2 tempos de 13' cada un cun descanso máximo de cinco minutos (2') entre cuartos.

O sistema de puntuación será o seguinte:

- Tempo gañado = 3 puntos
- Tempo empatado= 2 puntos
- Tempo perdido= 1 punto.

5.- Regulamento do torneo.

A modalidade de xogo será Minibalonmán, e aplicarase o Regulamento de Minibalonmán da FGBm para a **Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña de Balonmán na Rúa**.

6.- Árbitro.

Designarase un árbitro/a para dirixir cada partido.

7.- Responsable.

Cada equipo deberá ter unha persoa responsable maior de idade.

8.- Premios

Os dous primeiros clasificados de cada proba e por cada categoría recibiran unha medalla.

Recibirán tamén 1 trofeo para o equipo.

Bases aprobadas por resolución da presidencia número 33355, do 26 de xullo de 2022, modificada por resolución da Presidencia de data 4 de outubro de 2022.